



ACSUC

AXENCIA para a CALIDADE do
SISTEMA UNIVERSITARIO de
GALICIA

MEMORIA DE ACTIVIDADES
2005

Índice

1. INTRODUCCIÓN	5
2. ÓRGANOS DE GOBERNO	6
2.1. Consello de Dirección	6
2.2. Consello Técnico	10
3. RECURSOS	12
3.1. Recursos materiais	12
3.2. Recursos humanos	12
4. ACTIVIDADES	13
4.1. Avaliación institucional	13
4.2. Avaliación do profesorado	16
4.2.1. <i>Avaliación ou informe para a contratación do persoal docente e investigador</i>	<i>16</i>
4.2.2. <i>Valoración para a asignación das retribucións adicionais vinculadas ao mérito docente e investigador</i>	<i>19</i>
4.3. Realización de estudos para a adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior en titulacións do SUG	19
4.4. Proxecto de inserción laboral	21
4.5. Avaliación de posgraos	21
4.6. Sistema de Xestión de Calidade	22
5. GRUPOS DE TRABALLO	23
6. CONVENIOS	24
7. CONFERENCIAS, CURSOS, SEMINARIOS E OUTRAS ACTIVIDADES	25
7.1. Xornadas organizadas pola ACSUG, para Comités de Autoavaliación	25
7.2. Xornadas organizadas pola ACSUG, para Comités de Avaliación Externa	25
7.3. Participación en xornadas, cursos, seminarios,... na CCAA de Galicia	25
7.4. Participación en xornadas, cursos, seminarios,... fóra de Galicia	26
8. PROPOSTAS DE MELLORA	27
9. APOIO Á CERTIFICACIÓN	28
10. CARTAS DE SERVIZOS	29
11. PUBLICACIÓNS	30



A ACSUG dispón dun Sistema de Xestión de Calidade certificado de acordo á norma ISO-9001:2000. O alcance da certificación é:

- a) Apoio á certificación de unidades administrativas do SUG.
- b) Tramitación de complementos retributivos autonómicos e avaliación e informe de profesorado.
- c) Avaliación de titulacións, programas e servizos do SUG.

Edita:

ACSUG

**Axencia para a Calidade do
Sistema Universitario de Galicia**

Rúa Lamas de Abade, s/n
15702 Santiago de Compostela

Maquetación:

a referencia, S.L.

Edificio Agro do Corgo, esc.-2, 2C

Tel.: 981 55 42 32

15883 - Cacheiras-Teo

Depósito Legal: C-1602-2006

1. INTRODUCCIÓN

A función esencial de ACSUG é avaliar a calidade das tres universidades galegas, mediante a comprobación cualitativa e cuantitativa do cumprimento efectivo duns requisitos e duns obxectivos, e de informar publicamente do resultado da súa avaliación nun informe razoado.

No ano 2005 a ACSUG centrou os seus esforzos e orientou a súa actividade á continuación da consecución dos seus obxectivos.

A presente memoria recolle as actividades do ano nunha mostra de esforzo e bo facer dun equipo amplo de directivos, persoal e colaboradores que sentiu como propio o proxecto da ACSUG, definindo e canalizando as súas competencias e a súa proxección cara aos seus principais destinatarios: a comunidade universitaria de Galicia.

O desenvolvemento da colaboración da ACSUG con outros organismos levou á sinatura de varios convenios co obxectivo de optimizar as posibilidades de calidade das institucións universitarias de educación superior.

Durante este ano a Axencia cambiou de director, ao substituír a D. Eugenio Muñoz Camacho, D. Julio Ernesto Abalde Alonso. Por este motivo algunhas das actividades habituais da ACSUG atrasaron a súa data normal de realización. O mesmo ocorreu co nomeamento dos representantes da Xunta de Galicia no Consello de Dirección e no Consello Técnico da Axencia.

2. ÓRGANOS DE GOBERNO

2.1. Consello de Dirección

O Consello de Dirección, órgano superior da ACSUG, está formado (decembro 2005) polos seguintes membros (táboa 1):

Composición do Consello de Dirección
Presidente
O profesor doutor: D. Manuel Cecilio Díaz y Díaz
Voz e voto
<p>Conseleira de Educación e Ordenación Universitaria: D.ª Laura Elena Sánchez Piñón</p> <p>Director Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario: D. José Ramón Leis Fidalgo</p> <p>Director Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación: D. Salustiano Mato de la Iglesia</p> <p>Os reitores das universidades de A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo: D. José María Barja Pérez D. Senén Barro Ameneiro D. Domingo Docampo Amoedo</p> <p>Os presidentes dos consellos sociais das universidades de A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo: D. José Antonio Quiroga y Piñeyro D. Manuel Puga Pereira D. Emilio Atrio Abad</p> <p>Dous representantes designados pola Dirección Xeral de Universidades: D./D.ª D./D.ª</p> <p>Dous representantes designados pola Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación: D. José Mª Calleja Suárez (catedrático de Farmacoloxía da Universidade de Santiago de Compostela) D. Manuel Fernández Areal (catedrático emérito da Universdiade de Vigo)</p>
con voz mais sen voto
<p>Director da ACSUG: D. Julio Ernesto Abalde Alonso</p> <p>Secretario do Consello de Dirección: D./D.ª</p> <p>Un representante designado por cada unha das universidades consorciadas: D. Manuel Peralbo Uzquiano (vice-reitor de Calidade e Harmonización Europea da Universidade da Coruña) D. José Sordo Rodríguez (vice-reitor de Calidade e Planificación Estratéxica da Universidade de Santiago de Compostela) D. Ángel Sánchez Bermúdez (vice-reitor de Innovación e Calidade da Universidade de Vigo)</p>

Táboa 1. Composición do Consello de Dirección.

Ao longo do ano producíronse os seguintes cambios nos representantes do Consello de Dirección:

- Debido ao cambio de goberno da Xunta de Galicia, a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria e os directores xerais de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario e Investigación, Desenvolvemento e Innovación.
- O director da ACSUG foi proposto no Consello de Dirección do 9 de novembro de 2005 e o seu nomeamento foi publicado no DOG do 28 de novembro de 2005.

O Consello de Dirección da ACSUG, desenvolveu catro reunións ao longo do ano (táboa 2):

Reunións Consello de Dirección			
DATA	LUGAR	ORDE DO DÍA	ACORDOS
17/3/05	ACSUG	1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior. 2.- Informe do presidente. 3.- Asuntos económicos. Liquidación exercicio 2004. 4.- Acreditación do profesorado. Convocatoria ordinaria para a avaliación ou informe. Listaxe de solicitantes aptos e non aptos. 5.- Convenio colectivo do persoal da ACSUG 6.- Asuntos de trámite. 7.- Suxestións e preguntas.	<ul style="list-style-type: none"> - Apróbese a acta da sesión anterior. - Apróbese o documento de liquidación do orzamento do 2004 e a previsión do orzamento do 2005. - Acórdase publicar a composición das comisións de asesores expertos indicando o nome de cada un deles, así como os datos globais dos resultados da acreditación. - Apróbese a proposta realizada pola CGIACA sobre os resultados da acreditación. - Asígnase a idoneidade da aplicación do Convenio Colectivo do sector de oficinas e despachos e a súa aplicación.
22/4/05	ACSUG	1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior. 2.- Nomeamento do presidente. 3.- Ratificación dos acordos adoptados polo Consello de Dirección, formalizados polo presidente deste, desde o 25 de abril de 2003. 4.- Comunicación das resolucións relativas ao proceso de avaliación do profesorado e complementos retributivos autonómicos. 5.- Asesoría xurídica da ACSUG. 6.- Outorgamento de poder para preitos: comparecencia perante notario do presidente ou director. 7.- Suxestións e preguntas.	<ul style="list-style-type: none"> - Apróbese a acta da sesión anterior. - Nomear novamente a D. Manuel Cecilio Diaz y Diaz Presidente do Consello de Dirección da ACSUG. - Acórdase ratificar a totalidade dos acordos asportados por este Consello de Dirección recollidos nas actas desde o 16 de xullo de 2003 ata o 17 de marzo de 2005. - Acórdase que sexa o director o que asine as resolucións relativas á acreditación do profesorado. - Decídese proceder ao envío ao DOG, para a súa publicación oficial, da Resolución pola que se aproba a convocatoria ordinaria para a avaliación das solicitudes e posterior asignación das retribucións adicionais relativas ao complemento de recoñecemento ao labor docente e o complemento de recoñecemento ao labor investigador e ábrese o prazo para a presentación de solicitudes. - As tarefas de asesoramento xurídico que precise a ACSUG realizaranse pola Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, tras a sinatura dun convenio para este efecto. - Acórdase autorizar tanto ao presidente do Consello de Dirección como ao director da ACSUG para que indistintamente poidan comparecer perante notario en representación da Axencia, para outorgar os correspondentes poderes para preitos, no exercicio de todo tipo de accións, recursos e reclamacións xudiciais e administrativas, en defensa dos dereitos e intereses desta.

	26/7/05 ACSUG	<p>1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.</p> <p>2.- Informe do presidente.</p> <p>3.- Procedemento de avaliación/informe previo á contratación de determinadas figuras de profesorado. Recursos.</p> <p>4.- Nova convocatoria de avaliación /informe previo á contratación de determinadas figuras de profesorado.</p> <p>5.- Convenio para a prestación de asistencia xurídica da Xunta de Galicia á ACSUG.</p> <p>6.- Asuntos de trámite.</p> <p>7.- Suxestións e preguntas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Apróbase a acta da sesión anterior. - Apróbase a proposta da CGIACA, referente ás modificacións realizadas aos recursos presentados polos solicitantes e aos acordos adoptados polos comités de asesores expertos en relación con estes recursos. - Acórdase que a Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria proceda á publicación da Orde pola que se establecen os requisitos e criterios que outorgan, en determinados supostos, a cualificación automática para ser contratado como persoal docente e investigador polas universidades de Galicia nas figuras de profesor contratado doutor, profesor de universidade privada, profesor axudante doutor e profesor colaborador. - Acórdase que, unha vez que saia publicada a Orde da Consellaría de Educación anteriormente dita, a ACSUG proceda ao envío ao DOG da Resolución do presidente da ACSUG, pola que se aproba a convocatoria ordinaria para a avaliación ou informe para a contratación como profesor universitario polas universidades integrantes do Sistema Universitario de Galicia e ábrese o prazo para a presentación de solicitudes. - Apróbase a política e os obxectivos do Sistema de Xestión de Calidade que a ACSUG está a implantar. - Apróbase a proposta de cambio de 4 contratos por obra o servizo en contratos de interinidade. - Acórdase transformar as bolsas do Programa Labora da Xunta incorporando estas persoas á ACSUG a través de contratos de traballo.
9/11/05 ACSUG	<p>1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.</p> <p>2.- Secretaría do Consello de Dirección da ACSUG.</p> <p>3.- Informe do presidente.</p> <p>4.- Dirección da ACSUG.</p> <p>5.- Retribucións adicionais vinculadas a méritos individuais docentes e investigadores do profesorado universitario.</p> <p>6.- Avaliación previa á contratación de determinadas figuras de profesorado contratado polas universidades galegas.</p> <p>7.- Suxestións e preguntas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Apróbase a acta da sesión anterior. - Acórdase que o cargo de secretario de Consello de Dirección recaia, para esta reunión, en D. Eugenio Muñoz Camacho como actual director da Axencia. - Propónse a D. Julio Ernesto Abalde Alonso como director da ACSUG. 	

Táboa 2. Reunións do Consello de Dirección.

2.2. Consello Técnico

Os membros do Consello Técnico (decembro 2005), son (táboa 3):

Composición do Consello Técnico
ACSUG
D. Julio Ernesto Abalde Alonso (director)
D.^a M^a Paula Ríos de Deus (coordinadora de Avaliación Institucional)
Os vicerreitores responsables de Calidade das Universidades Galegas
D. Manuel Peralbo Uzquiano (vicerreitor de Calidade e Harmonización Europea da Universidade da Coruña)
D. José Sordo Rodríguez (vicerreitor de Calidade e Planificación Estratéxica da Universidade de Santiago de Compostela)
D. Ángel Sánchez Bermúdez (vicerreitor de Innovación e Calidade da Universidade de Vigo)
O subdirector xeral de Universidades da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria
D./D.^a
Un subdirector da Secretaría Xeral de Investigación e Desenvolvemento
D./D.^a
Un representante de cada universidade consorciada responsable da unidade técnica de calidade ou a persoa designada pola universidade
D. Jesús Miguel Muñoz Cantero (Universidade da Coruña)
D. Pedro Faraldo Roca (Universidade de Santiago de Compostela)
D./D.^a (Universidade de Vigo)
Un representante do Consello Social de cada universidade consorciada
D. Víctor Manuel Cabrera Sánchez (Universidade da Coruña)
D. José Benigno Carril Pérez (Universidade de Santiago de Compostela)
D. Ignacio Rodríguez Iglesias (Universidade de Vigo)

Táboa 3. Composición do Consello Técnico.

Ao longo do ano producíronse cambios na composición do Consello Técnico:

- A directora da Unidade Técnica de Calidade da Universidade de Vigo cesou no seu cargo por traslado. A UVI non cubriu o posto.
- O director da ACSUG foi proposto no Consello de Dirección do 9 de novembro de 2005 e o seu nomeamento foi publicado no DOG do 28 de novembro de 2005.
- Decisión de Consello Técnico de 30 de novembro de 2005 de asistencia, con voz e sen voto de M^a Paula Ríos de Deus ás reunións de Consello Técnico.

O Consello Técnico reuniuse dúas veces ao longo do ano (táboa 4):

Reunións Consello Técnico			
DATA	LUGAR	ORDEN DO DÍA	ACORDOS
18/5/05	ACSUG	1.- Lectura e aprobación da acta da sesión anterior. 2.- Informe do director. 3.- Avaliación Institucional 4.- Cartas de servizos 5.- Plan de seguimento. Propostas de mellora 6.- Criterios de Acreditación. 7.- Asuntos de trámite. 8.- Suxestións e preguntas.	- Apróbase a acta da sesión anterior. - Apróbase a programación e a composición dos comités de avaliación externa. - Acórdase que a ACSUG elabore un borrador cos aspectos básicos para recoller nas cartas de servizos. - Acórdase, para as propostas de mellora, seguir os criterios da anualidade anterior para o reparto dos fondos previstos para isto. - Acórdase que a ACSUG comece a traballar nunha proposta de borrador de enquisa común de satisfacción dos usuarios sobre os criterios de acreditación para os títulos de grao, máster e doutoramento.
30/11/05	ACSUG	1.- Lectura e aprobación da acta da sesión anterior. 2.- Informe do director. 3.- Avaliación Institucional. 4.- Plan de seguimento. Propostas de mellora. 5.- Cartas de servizos. 6.- Apoio á certificación. 7.- Avaliación de posgraos. 8.- Asuntos de trámite. 9.- Suxestións e preguntas.	- Apróbase a acta da sesión anterior. - Acórdase elaborar, desde a ACSUG, un procedemento sinxelo para que as titulacións envíen á Axencia o seguimento das propostas de mellora. - Acórdase que sexa cada universidade a que elabore a carta de servizos co deseño corporativo propio.

Táboa 4: Reunións Consello Técnico.

3. RECURSOS

3.1. Recursos materiais

Os recursos materiais que ten a ACSUG son os necesarios para desenvolver as actividades con normalidade e eficacia.

3.2. Recursos humanos

O persoal da Axencia (decembro 2005) é (táboa 5):

Recursos humanos da ACSUG
D. Manuel Cecilio Díaz y Díaz. Presidente do Consello Dirección da ACSUG
D. Julio Ernesto Abalde Alonso. Director da ACSUG
D. Aitor Martínez Lafuente. Asuntos Económicos
D^a. M^a Paula Ríos de Deus. Coordinadora sección Avaliación Institucional
D^a. Isabel Belmonte Otero. Avaliación Institucional
D. Francisco Rico Rey. Coordinador sección Avaliación Profesorado
D^a Lucia Bouso Montero. Asesoría Xurídica
D^a. Sandra Millán Buceta. Avaliación Profesorado
D^a. Ana Isabel López Lorenzo. Espazo Europeo de Educación Superior
D^a. Dolores Castro Pais. Espazo Europeo de Educación Superior
D. José Manuel Baña Souto. Sistema Informáticos
D. Juan Luis Casal Buyo. Proxecto de Inserción Laboral
D. Luis Carlos Velón Sixto. Manual de Calidade

Táboa 5. Recursos humanos da ACSUG.

A Axencia conta con persoal colaborador na área de:

- Informática: **D. Antonio Masdias y Bonome** (Profesor da UDC).

A ACSUG dispón dun servizo de rede que proporciona a Xunta de Galicia e dun servizo contratado de asesoría contable, fiscal e de persoal coa empresa "Castro e Asociados".

4. ACTIVIDADES

4.1. Avaliación institucional

No 2005 avaliáronse titulacións da Universidade de Vigo e Servizos das Universidades de A Coruña e Vigo.

As titulacións avaliáronse (táboa 6) a través do Programa de Avaliación Institucional xestionado pola ACSUG e os servizos avaliáronse (táboa 7 e 8) segundo o modelo de avaliación EFQM.

UNIVERSIDADE DE VIGO								
Unidade	Titulacións	Comité Avaliación Externa	Recepción IA na ACSUG	Envío ACSUG do IA ao CEE	Data Avaliación Externa	Recepción IEE na ACSUG	Informe final da titulación	Informe final da universidade
UA 1	Enxeñeiro Técnico Industrial: - Especialidade en electricidade - Especialidade en electrónica industrial - Especialidade en mecánica - Especialidade en química industrial	P/C: Emilio Bautista Paz (UPIM) VA: Francisco Rodríguez Rubio (US) VT: Juan José Cubero Marín (UNIZAR) Prof: Javier Gómez Novoa (CITROËN)	03/05/05	13/05/05	14-16/06/05	20/07/05		
UA 2	Licenciado Psicopedagogía Mestre: - Especialidade en Educación Especial - Especialidade en Educación Infantil - Especialidade en Educación Primaria - Especialidade en Lingua Estranxeira	P/C: Luis Miguel Villar Angulo (US) VT: Beatriz Martín Marín (UNEX) Prof: José Lage Rodríguez (Director Centro de Formación e Recursos de Ourense)	10/05/05	02/06/05	27-29/06/05	19/07/05	08/11/05	
US 1	Diplomado Relacións Laborais	P/C: Evelia Muñoz Sanchez-Reyes (UCA) VT: Monserrat Cabello Muñoz (US Pablo CEU) Prof: Eliseo Adolfo Sobrino Ríos (Colexio Graduados Sociais de Pontevedra)	30/09/05	03/10/05	26-28/10/05	07/12/05		

Táboa 6. Titulacións avaliadas na Universidade de Vigo.

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Unidade	Servizos	Comité Avaliación Externa	Recepción-envío informes					Recepción IF da Univ.
			Recepción IA na ACSUG	Envío IA ao CEE	Data Avaliación Externa	Recepción IEE na ACSUG	Recepción IF na ACSUG	
UA1	Registro Xeral e Información	P/C: Vicente Martínez Orga (UPM) VA: Serafín Larriba Cabezaudo (MEC) VA: Ma José Escribano Perea (UAM) VT: José Ricardo Díaz Cano (UPV)	01/04/05				11/11/05	
	Relacións Internacionais		21/03/05				08/11/05	
	Unidade Técnica de Calidade		15/03/05	06/05/05	06-09/06/05	14/07/05	08/11/05	
	Extensión Universitaria		27/04/05					
	OCV		15/04/05				21/11/05	
UA2	Publicacións	P/C: Emilio Francisco Ignacio García (UCA) Prof.: Belén López Vázquez (Baia Edicións) Prof: Carmen Castelleiro (Xunta-C. Familia)	16/03/05				10/10/05	
	Escola Infantil		28/04/05	13/05/05	21-22/06/05	19/07/05	25/10/05	
	Servizos Xerais de apoio á investigación		21/03/05				14/10/05	
UA3	Oficina de Transferencia de resultados da Investigación	P/C: Andrés Sampedro Nuño (UNIOVI) VA: Rogelio Montañana Pérez (UVA) VT: Rodrigo Llano-Ponte Alvarez (PVASCO)	21/03/05	12/05/05	06-08/06/05	14/07/05	17/10/05	
	Servizo de Información e Estatística		14/03/05				15/11/05	
			13/04/05				20/10/05	
UA4	Xestión Universitaria	P/C: Cesar Chamorro Álvarez (UNILEON) VA: Carlos Angel Benavides Velasco (UMA) Prof: Francisco Castro Allegue (XUNTA)	02/05/05	11/05/05	08-10/06/05	25/08/05	30/12/05	
	Terceiro ciclo		15/03/05				14/10/05	
	Xestión Universitaria		21/03/05	02/06/05	06-07/09/05	06/10/05	30/11/05	
UA5	CITTEC	P/C: Manuel Valcarcel Fontao (UPM) VT: José Ricardo Díaz Cano (UPV) Prof: Constantino García Ares (Citroën)					26/12/05	
CIT	09/12/05		11/01/06	15-17/02/06				
US 1	Biblioteca	P/C: Fernando Martín Rodríguez (UBU) VA: Ma Manuel Moro Cabero (USAL) Prof: Gabriel Quiroga Barro (Arquivo do Reino de Galicia)						

Táboa 7. Servizos avaliados na Universidade da Coruña.

UNIVERSIDADE DE VIGO							
Unidade	Servizos	Comité Avaliación Externa	Recepción-envío informes				IF da Univ.
			Recepción IA na ACSUG	Envío IA ao CEE	Data Avaliación Externa	Recepción IEE na ACSUG	
UA 1	Xestión de Persoal, Nóminas e Seguros Sociais	P/C: Ma Cruz Oliver Sola (UNA) VA: Miguel Ángel García Rodríguez (UMA) Prof: Wilfredo Meléndrez Sancosmed (SESTICO-A Coruña)	03/01/05	19/01/05	01-02/02/05	17/02/05	
	Recursos Humanos e provisión de postos de traballo	P/C: Rosa Fedri Mollevi (UAB) VA: Miguel Ángel García Rodríguez (UMA) Prof: Wilfredo Meléndrez Sancosmed (SESTICO-A Coruña)	12/05/05	13/06/05	11-12/07/05	04/10/05	
UA 2	Xestión económica e contratación	P/C: Leonor González Menorca (URLOJA) VA: Gerardo Panizo Panizo (UBU) VT: Pablo Arranz Val (UBU) Prof: Wilfredo Meléndrez Sancosmed (SESTICO-A Coruña)	27/01/05				
	Contabilidade, orzamentos e tesourería		13/01/05	05/04/05	04-06/05/05	22/06/05	19/09/05
	Patrimonio e inventariado		03/01/05				
US	Alumnado	P/C: Manuel Barbancho Medina (UCO) VA: Beatriz Marín Noriega (UPCartagena) Prof: Francisco Castro Allegue (XUNTA)	15/02/05	20/05/05	20-21/06/05	19/07/05	

Táboa 8. Servizos avaliados na Universidade de Vigo.

4.2. Avaliación do profesorado

4.2.1. Avaliación ou informe para a contratación do persoal docente e investigador

Durante este ano desenvolvéronse as seguintes actividades:

- Resolución da convocatoria de avaliación ou informe para a contratación do profesorado do ano 2004.
- Resolución dos recursos de reposición relativos á convocatoria de avaliación ou informe para a contratación do profesorado do ano 2004.
- Publicación da Orde do 18 de agosto de 2005 pola que se establecen os requisitos e os criterios que outorgan, en determinados supostos, a cualificación automática para ser contratado como persoal docente e investigador polas universidades de Galicia nas figuras de profesor contratado doutor, profesor de universidade privada, profesor axudante doutor e profesor colaborador.
- Por un lado, nesta orde, diferéncianse distintos supostos de cualificación automática:

A) Profesores pertencentes a corpos docentes universitarios ou que se atopen habilitados de conformidade coa LOU (táboa 9)

SITUACIÓN	EFECTOS
	Determina a cualificación automática para poder ser contratado polas universidades de Galicia nas seguintes figuras:
- Pertenza ao corpo de profesores catedráticos de universidade -Situación administrativa e académica de estar habilitado para este corpo, de acordo coa LOU	- Profesor contratado doutor - Profesor de universidade privada - Profesor axudante doutor - Profesor colaborador
- Pertenza ao corpo de profesores titulares de universidade -Situación administrativa e académica de estar habilitado para este corpo, de acordo coa LOU	- Profesor contratado doutor - Profesor de universidade privada - Profesor axudante doutor - Profesor colaborador
- Pertenza ao corpo de profesores catedráticos de escola universitaria -Situación administrativa e académica de estar habilitado para este corpo, de acordo coa LOU	- Profesor contratado doutor (+) - Profesor de universidade privada (+) - Profesor axudante doutor (+) - Profesor colaborador
- Pertenza ao corpo de titulares de escola universitaria -Situación administrativa e académica de estar habilitado para este corpo, de acordo coa LOU	- Profesor axudante doutor (+) - Profesor colaborador

Táboa 9. Cualificación automática de profesores pertencentes a corpos docentes universitarios ou que se atopen habilitados de conformidade coa LOU.

(+) Só se se está en posesión do título de doutor.

B) Profesores que obtiveron a avaliación positiva da ACSUG para a figura de profesor contratado doutor (táboa 10)

SITUACIÓN	EFFECTOS
- Profesores que obtivesen a avaliación positiva da ACSUG para a figura de profesor contratado doutor	- Profesor de universidade privada - Profesor axudante doutor - Profesor colaborador (+)

Táboa 10. Cualificación automática de profesores que obtiveron a avaliación positiva da ACSUG para a figura de profesor contratado doutor.

(+) Só ata o 30 de setembro de 2007

C) Profesores que obtivesen a avaliación positiva noutros órganos (táboa 11).

As avaliacións positivas ou os informes favorables obtidos noutros órganos de avaliación, que as leis do Estado ou doutras comunidades autónomas determinen, para as figuras de profesor contratado doutor, profesor de universidade privada, profesor axudante doutor e profesor colaborador determinarán a cualificación para poder ser contratado polas universidades de Galicia, nas figuras en que se obtivesen as referidas avaliacións positivas ou informes favorables cando, a través das disposicións legais que resultaren de aplicación, así se estableza, ou cando así se estipular a través de convenio ou concerto previo coa Comunidade Autónoma de Galicia.
A validación das avaliacións positivas ou dos informes favorables obtidos nos órganos de avaliación que as leis doutras comunidades autónomas determinen, entre as distintas figuras contractuais, especificaranse nas cláusulas dos respectivos convenios ou concertos que se asinen coa Comunidade Autónoma de Galicia. Os convenios que se asinaren nos termos dos puntos anteriores deberán publicarse no Diario Oficial de Galicia.

Táboa 11. Cualificación automática de profesores que obtivesen a avaliación positiva noutros órganos.

- Por outro lado, con esta orde, derrógase a anterior do 7 de setembro de 2004 pola que se establece o procedemento específico de avaliación ou informe pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia para a contratación de persoal docente e investigador polas universidades de Galicia nos supostos de solicitantes pertencentes a corpos docentes universitarios ou que se atopen habilitados de acordo coa Lei orgánica 6/2001, de universidades (DOG do 14 de setembro de 2004).
- Publicación da Resolución do 1 de setembro de 2005 pola que se aproba a convocatoria ordinaria para a avaliación ou informe para a contratación como profesor universitario polas universidades integrantes do Sistema Universitario de Galicia.

Os membros da Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA) (decembro 2005) son (táboa 12):

Composición da CGIACA			
Presidente: Director Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia		D. José Ramón Leis Fidalgo	
Vicepresidente: Director Xeral de Investigación, Desenvolvemento e innovación		D. Salustiano Mato de la Iglesia	
6 Vogais:	Director da ACSUG		D. Julio Ernesto Abalde Alonso
	2 designados polo Conselleiro competente en materia de universidades		D. Roberto Blanco Valdés
			D. Jesús Martínez Girón
	1 designado por cada universidade do SUG	UDC	D. Enrique Martínez Ansemil
		USC	D. Pedro Faraldo Roca
UVI		D. Eduardo Godoy Malvar	

Táboa 12: Composición da CGIACA.

Durante o ano 2005, a Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA), realizou as seguintes reunións (táboa 13):

Reunións da CGIACA			
DATA	LUGAR	ORDE DO DÍA	ACORDOS
15/02/05	ACSUG	1- Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior. 2 Informe do presidente. 3- Retribucións adicionais vinculadas a méritos individuais docentes e investigadores do profesorado universitario. Recursos presentados ata a data. 4 Análise provisional da convocatoria de avaliación previa á contratación de determinadas figuras de profesorado contratado. 5 Asuntos de trámite. 6- Suxestións e preguntas.	- Apróbase a acta da reunión anterior - Resolución dos recursos de reposición relativos á valoración para a asignación das retribucións adicionais. - Establécense criterios xerais sobre como se deberá realizar a avaliación das figuras do profesorado. - Fíxanse as datas da próxima reunión e próxima convocatoria de retribucións adicionais.
16/03/05	ACSUG	1- Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior. 2- Informe do presidente. 3- Retribucións adicionais vinculadas a méritos individuais docentes e investigadores do profesorado universitario. Recursos presentados ata a data. 4- Retribucións adicionais vinculadas a méritos individuais docentes e investigadores do profesorado universitario. Borrador da próxima convocatoria para a valoración e asignación das retribucións adicionais do profesorado. 5- Análise da convocatoria de avaliación previa á contratación de determinadas figuras de profesorado contratado. 6- Asuntos de trámite. 7- Suxestións e preguntas	- Apróbase a acta da reunión anterior - Resolución dos recursos de reposición relativos á valoración para a asignación das retribucións adicionais. - Proponse o borrador do texto da próxima convocatoria para a asignación de retribucións adicionais. - Adóptanse as correspondentes propostas de acordo, que se transmitirán ao Consello de Dirección, relativos á convocatoria de avaliación ou informe para a contratación do profesorado do 2004.



08/07/05	ACSUG	1- Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior. 2- Informe do presidente. 3- Procedemento de avaliación/informe previo á contratación de determinadas figuras de profesorado. Recursos. 4- Retribucións adicionais vinculadas a méritos individuais docentes e investigadores do profesorado universitario. Convocatoria actual. 5- Nova convocatoria de avaliación/informe previo á contratación de determinadas figuras de profesorado. 6- Asuntos de trámite. 7- Suxestións e preguntas.	- Apróbase a acta da reunión anterior - Resolución dos recursos de reposición relativos á convocatoria de avaliación ou informe para a contratación do profesorado do 2004 - Propónse o borrador do texto da orde pola que se deberán establecer os requisitos e criterios que outorgan, en determinados supostos, a cualificación automática para ser contratado como persoal docente e investigador polas universidades de Galicia nas figuras de profesor contratado doutor, profesor de universidade privada, profesor axudante doutor e profesor colaborador. - Propónse o borrador do texto da próxima convocatoria para avaliación ou informe para a contratación do profesorado do 2005.
16/11/05	ACSUG	1- Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior. 2- Informe do Presidente. 3- Retribucións adicionais vinculadas a méritos individuais docentes e investigadores do profesorado universitario. Convocatoria 1B/05 4- Avaliación previa á contratación de determinadas figuras de profesorado contratado pola universidades galegas. 5- Suxestións e preguntas.	- Apróbase a acta da reunión anterior - Adóptanse as correspondentes propostas de acordo, que se transmitirán ao Consello de Dirección, relativos á convocatoria do 2005 de valoración para asignación das retribucións adicionais do profesorado. - Infórmase pola ACSUG do número de solicitudes presentadas relativas á convocatoria para avaliación ou informe para a contratación do profesorado do 2005.
19/12/05	ACSUG	1- Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior. 2- Informe do presidente. 3- Comités de asesores expertos. 4- Avaliación previa á contratación de determinadas figuras de profesorado contratado polas universidades galegas. Propostas de avaliación. 5- Suxestións e preguntas.	- Apróbase a acta da reunión anterior - Procédese ao nomeamento dos comités de asesores expertos que participarán no procedemento de avaliación e informe para a contratación do profesorado do 2005. - Adóptanse as correspondentes propostas de acordo, que se transmitirán ao Consello de Dirección, relativos á convocatoria de avaliación ou informe para a contratación do profesorado do 2005.

Táboa 13. Reunións da CGIACA

4.2.2. Valoración para a asignación das retribucións adicionais vinculadas ao mérito docente e investigador.

Durante este ano desenvolvéronse as seguintes actividades:

- Resolución dos recursos de reposición relativos á convocatoria do ano 2004 para a asignación das retribucións adicionais vinculados ao mérito docente e investigador.
- Publicación da Resolución do 9 de xuño de 2005 pola que se aproba a avaliación das solicitudes e a posterior asignación das retribucións adicionais relativas ao complemento de recoñecemento do labor docente e ao complemento de recoñecemento do labor investigador.

4.3. Realización de estudos para a adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior en titulacións do SUG

Como punto de partida, a ACSUG propúxose estruturar o traballo de adaptación ao EEES en base a tres liñas de actuación:

Primeira liña:

- Presentación do proxecto.
- EEES: aspectos fundamentais.
- Glosario de termos.

Segunda liña:

- Plans de estudos actuais coa incorporación dos créditos europeos (ECTS).
- Proxecto piloto sobre materias específicas.
- Plan de formación do profesorado.

Terceira liña:

- Deseño dos plans de estudo e títulos de grao.

En relación á primeira liña de actuación, realizáronse presentacións nos sete campus do SUG para todas as titulacións partícipes na experiencia proposta ao longo do curso 04/05, realizándose as últimas no primeiro trimestre do 2005. En total participaron nestas actividades informativas e de concienciación máis de 600 profesores, alumnos e PAS.

Sobre a segunda liña de actuación, desde a ACSUG, púxose en marcha unha experiencia piloto de reconversión de créditos actuais a créditos ECTS, na cal seguiron participando no ano 2005 as titulacións incorporadas dentro da I e II Fase do "Proxecto ACSUG" -Licenciatura en Bioloxía, Licenciatura en Dereito, Diplomatura en Enfermaría, Licenciatura en Filoloxía, Enxeñaría Técnica en Informática, Mestre na especialidade de Educación Infantil, Enxeñaría Técnica en Deseño Industrial (UDC), Licenciatura en Matemáticas (USC), Licenciatura en Psicoloxía (USC), Licenciatura en Tradución e Interpretación (UVI), Licenciado en Historia (UVI-Ourense), Licenciado en Historia do Arte (USC) , Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte (UDC) e Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos (UDC)-, coas materias elixidas por cada unha delas para seguir a experiencia.

Ante a necesidade de continuar coas accións emprendidas, e a conveniencia de impulsar outras novas, as finalidades perseguidas pola ACSUG estiveron encamiñadas neste 2005 a emprender as seguintes actuacións:

- Detectar as necesidades formativas do profesorado, respecto as distintas metodoloxías, avaliación, terminoloxías etc...
- Recoller a opinión do alumnado sobre as experiencias piloto que se están levando a cabo.
- Elaborar materiais deseñados polos participantes no Proxecto ACSUG, que proporcionen soporte ao profesorado: batería de documentos (pautas para a elaboración guías docentes de cada materia, coñecemento de novas terminoloxías específicas, documentos explicativos das distintas metodoloxías, etc...)

O grupo de traballo sobre os posgraos propios das universidades do SUG, no ano 2005, realizou un estudo sobre a situación en que se encontran nesta etapa de transición cara ao EEES, quedando previsto que no 2006 saia unha publicación cos datos máis sobresalientes para as tres universidades galegas ("*Estudos Propios de Posgrao das Universidades do SUG*").

4.4. Proxecto de inserción laboral

No mes de xaneiro recibíronse os datos do Centro de Atención Telefónica (CAT) da Consellaría de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais da Xunta de Galicia, que neste caso foi o organismo encargado da realización das enquisas aos egresados das universidades do SUG entre os anos 2001 e 2003.

Entre o mes de xaneiro e xuño de 2005 analizáronse os datos recibidos. Estes datos puxéronse en coñecemento dos membros do grupo de traballo, que procederon á realización no mes de xullo dun primeiro informe de resumo.

No mes de outubro o grupo de traballo remata o informe completo que é revisado na ACSUG. O informe queda pechado no mes de decembro de 2005.

Desde a ACSUG prepárase, para principios do 2006, a presentación do estudo aos medios de comunicación e posterior publicación.

4.5. Avaliación de posgraos

A ACSUG realizou a primeira avaliación dos Programas Oficiais de Posgrao (POP) por petición expresa da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

Tendo en conta as "*Instrucións para a presentación de propostas de Programas Oficiais de Posgrao*", feitas públicas pola Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria, e os criterios establecidos polas diferentes axencias autonómicas, a ACSUG elabora un "*Protocolo de Avaliación Externa de Programas Oficiais de Posgrao*" onde se recollen os criterios xerais de avaliación para seguir. Este protocolo vai acompañado dun "*checklist*" que serve de orientación aos avaliadores para analizar cada un dos POP.

Tras unha revisión das áreas de coñecemento de cada un dos programas presentados, decídese englobar estes en tres grandes ámbitos (ámbito xurídico social e humanidades, ámbito de ciencias experimentais e da saúde e ámbito de ensino técnico) e nomear un Comité de Avaliadores Externos para cada un deles.

Os comités de avaliadores externos están constituídos por 5 membros dos cales 4 actúan como vogais e deben cumprir como requisito seren profesores de universidades alleas ao Sistema Universitario de Galicia e un presidente

que debe ser catedrático de universidade e pertencer ao SUG. A selección dos membros faise a partir da base de datos de avaliadores externos que utiliza a ACSUG para a avaliación institucional, servíndonos, así, da experiencia destes, nestes procesos.

Unha vez nomeados os membros dos comités, son convocados para unha sesión de traballo na sede da ACSUG os días 19 e 20 de xaneiro, en que realizan unha primeira valoración dos POP presentados. As propostas de avaliación preséntanse perante os vicerreitores responsables dos posgraos das tres universidades galegas que as remiten aos respectivos responsables de cada un dos programas para que, se for o caso, presenten a documentación adicional necesaria para obter o informe favorable.

Unha vez recibidas na ACSUG as documentacións adicionais requiridas procedeuse á análise destas e, comprobada a reparación daquelas deficiencias detectadas polos comités de avaliación, a CGIACA acorda dar o seu visto e praxe e realiza as propostas definitivas de avaliación.

4.6. Sistema de Xestión de Calidade

No 2005 comézase coa implantación do Sistema de Xestión da Calidade segundo a norma UNE-EN-ISO 9001. Elabórase o Manual de Calidade e desenvólvense os procedementos adecuados co intento de aumentar a satisfacción dos usuarios así como incidir na mellora continua das actividades para realizar en cada momento.

O proceso iníciase no mes de setembro de 2004. Os primeiros documentos son aprobados pola Dirección no mes de abril do 2005, implantando o sistema e a documentación, paulatinamente, que estivo finalizado no mes de xuño dese ano.

O 27 de setembro de 2005 realizouse a auditoría interna do Sistema de Xestión Calidade da Axencia para comprobar o nivel de implantación deste e incidir na mellora continua. Como resultado desa auditoría fíxose un informe que contén unha serie de desviacións e observacións para ter en conta para a correcta implantación deste.

No mes de novembro do 2005 foi seleccionada a empresa encargada de realizar a certificación do Sistema de Xestión de Calidade segundo a norma UNE-EN-ISO 9001. A auditoría de certificación realizárase os días 17 e 18 de xaneiro do 2006.

5. GRUPOS DE TRABAJO

A ACSUG conta, para o desenvolvemento das súas actividades, con diferentes grupos de traballo para a realización de estudos sobre diversos temas:

- Inserción laboral.
- Custos de Calidade.
- Espazo Europeo de Educación Superior.
- Posgrao.
- Elaboración de informes.

6. CONVENIOS

O desenvolvemento da colaboración da ACSUG con outros organismos levou á sinatura de varios convenios, co obxectivo de optimizar as posibilidades de calidade da institución universitaria de educación superior.

Desde a ACSUG asináronse neste ano os seguintes convenios de colaboración:

- Convenio de cooperación entre a Secretaría de Estado de Educación Superior, Ciencia e Tecnoloxía da República Dominicana e a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (asinado na República Dominicana o día 11/02/05).
- Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Consorcio Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (asinado en Santiago de Compostela o día 10/05/05).
- Convenio para a prestación de asistencia xurídica pola Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia á Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (asinado en Santiago de Compostela o día 05/07/05).

7. CONFERENCIAS, CURSOS, SEMINARIOS E OUTRAS ACTIVIDADES

7.1. Xornadas organizadas pola ACSUG, para Comités de Autoavaliación

A xornada realizarase o día 10 de xaneiro de 2006.

7.2. Xornadas organizadas pola ACSUG, para Comités de Avaliación Externa

Non foron necesarias porque todos os avaliadores externos teñen formación suficiente na materia.

7.3. Participación en xornadas, cursos, seminarios,... na CCAA de Galicia

Desde a ACSUG participouse (táboa 14) en xornadas e sesións na CCAA de Galicia.

Participación en xornadas, cursos, seminarios,... na CCAA de Galicia		
DATA	ACTIVIDADE	LUGAR
26/01/05	Conferencia: "Avaliación da Calidade na Educación Superior na Universidade de Santiago de Compostela"	Santiago de Compostela
14-18/03/05	Curso: "Actividades da ACSUG"	EGAP (Santiago de Compostela)
06/05/05	Reunión de Axencias Autonómicas	Santiago de Compostela
06-08/05/05	Salón Monográfico da Educación Superior	Santiago de Compostela
11/05/05	Conferencia enmarcada no Congreso Internacional: A educación universitaria na construción dun mundo solidario e en paz	Santiago de Compostela
16-17/06/05	Organización e xestión da información. Implicacións da lei de protección de datos	Santiago de Compostela
07-18/11/05	Curso básico de prevención de riscos laborais	Santiago de Compostela

Táboa 14. Participación en xornadas, cursos, seminarios,... na CCAA de Galicia.

7.4. Participación en xornadas, cursos, seminarios,... fóra de Galicia

A ACSUG participou fóra de Galicia nas xornadas, cursos, seminarios,... seguintes (táboa 15).

Participación en xornadas, cursos, seminarios,... fóra de Galicia		
DATA	ACTIVIDADE	LUGAR
13-14/01/05	"A calidade nas bibliotecas".	Palma de Mallorca
07-11/02/05	Curso: "Actividades da ACSUG".	Santo Domingo
17-18/02/05	III Xornadas de calidade nos servizos educativos e de formación. Acreditación, certificación e innovación: integración para unha educación de calidade.	Sevilla
05/04/05	Reunión de axencias autonómicas.	Madrid
25-26/04/05	Taller comparativo sobre sistemas de avaliación de profesorado. Axencias autonómicas.	Chichón
12-16/09/05	Xornada: "Avaliación e acreditación da calidade dos programas de posgrao".	Almuñecar
20-21/09/05	Xornada: "Experiencias na implantación do crédito ECTS nas universidades españolas".	Segovia
24-25/10/05	VII Foro de Almagro: "Criterios y directrices para a garantía da calidade das universidades no EEES".	Almagro
12-13/12/05	Encontro: "A formación do profesorado universitario".	Almería

Táboa 15. Participación en xornadas, cursos, seminarios,... fóra de Galicia.

8. PROPOSTAS DE MELLORA

Os Plans de Mellora constitúen un importante punto de partida para a toma de decisións e o deseño de accións correctivas por parte dos distintos organismos competentes, por canto as propostas de mellora recollen as suxestións e opinións dos membros da comunidade universitaria máis cercanos aos problemas e por conseguinte os mellores coñecedores dos mesmos.

Non obstante, unha das conclusións máis relevantes extraídas dos primeiros procesos de avaliación levados a cabo, é que unha parte significativa das propostas de mellora presentadas non chegaron a implantarse, polo que, desde a ACSUG, consideramos crucial unha mellor definición dos plans de mellora, cun maior grao de implicación dos distintos responsables.

Seguindo estas premisas, elabórase, na Axencia, a Guía de Avaliación e Seguimento dos Plans de Mellora, co obxectivo de impulsar un profundo análise e reflexión da situación actual das nosas titulacións, promovendo as accións correctivas necesarias que permitan que as nosas titulacións se atopen nas mellores condicións posibles ante os novos retos e transformacións aos que terán que facer fronte nos próximos anos. No Consello de Dirección da ACSUG do día 5 de maio de 2004 apróbase o proceso e o procedemento establecido na Guía.

Ata a actualidade aboáronse axudas ás tres universidades galegas en base ás titulacións avaliadas nas catro convocatorias do Plan Nacional de Avaliación da Calidade das Universidades e da primeira convocatoria do II Plan de Calidade das Universidades.

No 2005 fica pendente o abono de 3.000,00 € por cada titulación avaliada, que presente o plan de mellora seguindo a guía da ACSUG creada para tal efecto, na segunda convocatoria do II Plan de Calidade das Universidades.

9. APOIO Á CERTIFICACIÓN

Seguindo o obxectivo de fomento da calidade nas universidades galegas a ACSUG establece un proceso de apoio económico e técnico á certificación.

O apoio económico estableceuse, xa, no 2003 aboando unha cantidade fixa para o apoio á certificación das bibilotecas das tres universidades. O apoio técnico consiste na facilitación de información e documentación relativa á certificación.

Na Universidade da Coruña certifícaronse no 2005, 10 servizos, segundo a norma ISO 9001: 2000:

- Unidade Técnica de Calidade.
- Rexistro Xeral e Información.
- Servizo de Relacións Internacionais.
- Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación (OTRI).
- Servizo de Xestión Universitaria:
 - Sección de Asuntos Xerais
 - Sección de Títulos e Xestión Académica
 - LERD
 - Terceiro Ciclo
- Servizo de Extensión Universitaria:
 - Actividades Deportivas
 - Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV)

A Universidade de Santiago de Compostela certificou no 2005:

- Segundo a norma ISO 9001: 2000 na área académica: o servizo de xestión da oferta e programación académica, o servizo de xestión académica e as tres unidades de xestión académica.
- Segundo a norma ISO 14001:2004 no servizo de prevención de riscos: a oficina de prevención de riscos, a área de seguridade, a unidade de xestión de residuos e o almacén de residuos perigosos, o servizo de vixilancia da saúde e o servizo de protección radiolóxica.

O proceso de certificación de cada unidade administrativa será seguido de maneira periódica por parte da ACSUG.

No Consello Técnico do 30 de novembro de 2005 fica pendente, para a próxima reunión, establecer, segundo o orzamento, a contía da axuda para a certificación.

10. CARTAS DE SERVICIOS

A ACSUG coa vontade de conseguir que o SUG alcance un gran prestixio e recoñecemento dentro do contexto universitario nacional, europeo e internacional, súmase a iniciativa das universidades galegas de apostar pola modernidade e excelencia a través da implantación de procesos de calidade na xestión universitaria. Procesos orientados á mellora continua e ao acercamento, das unidades ou servizos, aos usuarios e a sociedade en xeral.

Ditos procesos oriéntanse cara a excelencia e comprenden a elaboración e implementación de cartas de servizos, que contemplan as condicións de efectividade, funcionamento e compromisos de calidade do servizo ou unidade. As cartas de servizos elabóranse co obxectivo de aumentar a satisfacción dos seus clientes e usuarios en relación co servizo que presta.

A ACSUG elaborou a “Guía para a implantación das cartas de servizos nas universidades galegas”, co fin de que lles sirva aos diferentes servizos das universidades para fixar uns elementos comúns dentro das accións de mellora resultantes, ben de procesos de avaliación, ben como froito da súa inquietude por superarse constantemente.

O obxectivo da guía, presentada no Consello Técnico do 30 de novembro de 2005, é ofrecer unha estrutura normalizada, homoxénea e común as tres universidades, para a elaboración das cartas de servizos, así como definir os documentos que se van empregar en cada unha das fases da súa construción.

No 2005 fica pendente o abono de 500,00 € por carta de servizos, elaborada co deseño corporativo propio de cada universidade, publicada e presentada na ACSUG, seguindo a “Guía para a implantación das cartas de servizos nas universidades galegas” proposta pola Axencia.

11. PUBLICACIÓNS

No ano 2005 a ACSUG realizou as seguintes publicacións:

Título: *Informe Final da Segunda Anualidade do II PCU no SUG.*

Edita: ACSUG

Ano: 2005

Páxinas: 228

Contido: Resumo da avaliación realizada na segunda anualidade do II PCU en Galicia.

Título: *Guía de Autoavaliación do Programa de Avaliación Institucional (2004-2005).*

Edita: ACSUG

Ano: 2005

Páxinas: 146

Contido: Guía de autoavaliación de titulacións.

Título: *Guía de Avaliación Externa do Programa de Avaliación Institucional (2004-2005).*

Edita: ACSUG

Ano: 2005

Páxinas: 150

Contido: Guía de avaliación externa de titulacións.

Título: *Guía para a implantación das cartas de servizos nas universidades galegas.*

Edita: ACSUG

Ano: 2005

Páxinas: 27

Contido: Guía para a elaboración e a implantación das cartas de servizos.



ACSUC
AXENCIA para a CALIDADE do
SISTEMA UNIVERSITARIO de
GALICIA